



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Microeconomía

Materia	Economía: Microeconomía			
Código	V08G720V01125			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Lorenzo Alonso, Pedro			
Profesorado	Lorenzo Alonso, Pedro			
Correo-e	plorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>O obxectivo xeral da materia é o de obter unha visión global da economía en xeral e da microeconomía en particular. Para iso, analizarase o funcionamento dos mercados e o comportamento dos axentes económicos que nel interveñen.</p> <p>En concreto, ofreceráselle ao alumnado unha perspectiva dos mercados e dos axentes desde o punto de vista do equilibrio parcial, tanto nun contexto de competencia perfecta como nun contexto de competencia imperfecta. Analizarase, tamén, o papel do Estado na formulación da política económica.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A3	Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía
A9	Identificar a xeneralidade dos problemas económicos que se suscitan nas empresas, e saber utilizar os principais instrumentos existentes para a súa resolución
A16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B6	Habilidades de comunicación a través de Internet e, dominio de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B15	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
<input type="checkbox"/> Lograr o manexo, por parte do estudiantado, dos conceptos básicos da análise microeconómica, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír razoamentos económicos sinxelos que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar adecuadamente o problema.	A3	B2
	A9	B5

□ Desenvolver a capacidade para analizar os efectos dos cambios no medio económico sobre o comportamento dos axentes e a súa conseguinte repercusión nos mercados.	A16	B1 B2 B5 B6 B13 B15
□ Espertar o interese do alumnado respecto á análise dos efectos das políticas microeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formar unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os cales se formulou. Fomentar o traballo en equipo e potenciar habilidades para expresar e defender de forma coherente argumentos en público.	A16	B8 B10

Contidos

Tema

I.- Introducción	<p>Tema 1. Pensar como un economista: conceptos básicos. Escaseza. Economía. Racionalidade. Eficiencia e equidade. Custo de oportunidade. Análise marxinal. Modelos económicos. Microeconomía e macroeconomía. O mercado. Adam Smith e a man invisible</p> <p>Tema 2. Funcionamento dos mercados: elementos básicos de oferta e demanda. A curva de oferta, a curva de demanda e desprazamentos. Equilibrio e mecanismo do mercado. A elasticidade. Os mercados e a competencia</p>
II.- A conduta dos consumidores	<p>Tema 3. Os gustos, o presuposto e a elección do consumidor. As cestas. Os gustos, a curva de indiferenza e a relación marxinal de substitución. A restrición presupostaria e as variacións de prezos e renda. A elección. Da demanda individual á demanda de mercado.</p>
III.- A conduta da empresa	<p>Tema 4. A produción: tecnoloxía e rendementos de escala. A función de produción. Produto medio e marxinal. Lei de rendementos marxinais decrecentes. Descrición dos rendementos de escala</p> <p>Tema 5. Os custos de produción. Custo económico e custo contable. Custo de oportunidade. Custos irrecuperables. Custos fixos e variables. Da función de produción á curva de custo total. Custo fixo e variable. Custo medio e marxinal. O custo a longo prazo e a elección da combinación de factores que minimizan custos (recta isocusto, isocuanca e relación técnica de substitución, elección)</p> <p>Tema 6. Maximización de beneficios e a oferta competitiva.</p> <p>Ingreso total e beneficio. Ingreso marxinal, custo marxinal e maximización de beneficios. Maximizan as empresas os beneficios? A curva de custo marxinal e a decisión de oferta da empresa competitiva. A decisión de cerrar. A oferta individual e de mercado</p>
IV. O funcionamento dos mercados competitivos e o benestar	<p>Tema 7. O mecanismo de mercado competitivo e a política económica. Oferta e demanda. Equilibrio. Eficiencia do equilibrio competitivo. Excedente do consumidor e do produtor. Intervención pública con controis de prezos (máximos e mínimos) e impostos. Efectos sobre o mecanismo de mercado e sobre o benestar</p>
V. Por que non funcionan os mercados	<p>Tema 8. O poder de mercado. Monopolio natural e barreiras á entrada. Decisións de produción e prezos. O ingreso e a maximización dos beneficios. O custo do monopolio en termos de benestar. Oligopolio e competencia monopolística. Efectos sobre o benestar social. A actitude dos poderes públicos ante o exercicio do poder de mercado</p> <p>Tema 9. Externalidades, bens públicos e información asimétrica.</p> <p>Externalidades e a ineficiencia do mercado. Solucións privadas e políticas públicas. Bens públicos fronte a outros bens. O problema do parasito. A traxedia dos bens comunais. Os dereitos de propiedade. A información asimétrica: selección adversa e risco moral</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	15	10	25
Titoría en grupo	7.5	15	22.5
Sesión maxistral	52.5	84	136.5
Probas de resposta curta	4	33	37
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas clases prácticas resolveranse exercicios que se lle proporcionarán ao alumnado con antelación para que os resolva antes da clase. De ese modo identificará aquelas cuestións que lle resultan máis dificultosas e poderá dirimir as súas dúbidas na clase. Tamén se realizará o seguimento da aprendizaxe do estudantado mediante pequenas probas e exercicios que terá que entregar.
Titoría en grupo	Nos seminarios, en grupos reducidos, efectuaranse diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polo estudantado nas clases teóricas e prácticas.
Sesión maxistral	As clases teóricas impartiranse nas 15 semanas do cuadrimestre. Nelas expóñense de forma reducida os principais contidos dos distintos temas, desenvolvendo con máis detalle os puntos de maior complexidade. Para un adecuado seguimento e comprensión das clases é necesario que o alumnado lea con anticipación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O estudantado poderá utilizar as titorías determinadas polo profesorado para ter unha atención personalizada, co fin de resolver as súas dúbidas das clases teóricas e prácticas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O estudantado poderá utilizar as titorías determinadas polo profesorado para ter unha atención personalizada, co fin de resolver as súas dúbidas das clases teóricas e prácticas.
Titoría en grupo	O estudantado poderá utilizar as titorías determinadas polo profesorado para ter unha atención personalizada, co fin de resolver as súas dúbidas das clases teóricas e prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de resposta curta	Exame escrito (8 puntos). Realizarase un exame parcial co contido teórico e práctico dos primeiros seis temas da materia e unha proba final na data oficial establecida no calendario de exames. A proba final constará de dous partes (a primeira corresponderase cos temas do un ao seis e, a segunda, cos restantes) cada unha das cales valorarase sobre 4 (para poder aprobar a materia terase en conta si o alumno obtivo, como mínimo 1,5 puntos en cada unha das partes). A nota do exame obterase da media aritmética simple das cualificacións alcanzadas en cada parte. O alumnado que supere o exame parcial, só terá que examinarse, na proba final, da segunda parte que se corresponde cos temas restantes. O estudante que non supere o exame parcial terá que examinarse de toda a materia na proba final.	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse, polo menos, dúas probas escritas ao longo do cuadrimestre. Cada unha destas probas valorarase, como máximo, con 1 punto.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

NOTA IMPORTANTE: como ya se ha mencionado, la nota final de la materia resulta de la suma de la calificación obtenida en la evaluación continua más la obtenida en el examen. Sin embargo, la puntuación de éste sólo se tendrá en cuenta cuando en cada una de las partes el alumnado obtenga una puntuación igual o superior a 1,5 puntos de los 4 puntos de cada parte. En caso contrario, la nota final será igual a la puntuación obtenida por evaluación continua.

La calificación del estudiantado que no se presenta al examen será la que haya obtenido por evaluación continua.

Para aprobar la materia será preciso obtener una nota final igual o superior a cinco puntos.

La nota obtenida en la evaluación continua (20% de la nota final) se mantendrá para todas las convocatorias del año académico 2013/14.

Bibliografía. Fontes de información

Krugman, P. y Wells, R., **Microeconomía: introducción a la economía**, editorial reverte, s.a.,

Mankiw, N.G, **Principios de Economía**, Thomson, 6ª edición, 2012,

Pindyck, R. y Rubinfeld, D, **Microeconomía**, Prentice Hall, 8ª edición, 2013,

Recomendacións
